

ANUNCIO

Reunido en data 19 de xullo de 2022 o tribunal de selección do proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes a persoal laboral de prazas de encargado/a de redacción e redactor/a de emisora, acordou o seguinte:

“Vistos os acordos do 13 de xullo de 2022 relativos á estimación, estimación parcial e desestimación de alegacións á valoración provisional de méritos, elevando a continuación proposta á alcaldía da listaxe definitiva de persoas a incluír na lista.

Tendo en conta que dentro do prazo para alegacións (o 12.07.2022) a aspirante Rebeca Romero Rodríguez presentou por correo postal alegacións á valoración provisional, de acordo co art. 16 da LPACAP aínda cando tales alegacións tiveron entrada no rexistro do concello fóra de prazo (o 14.07.2022 co RXE 3132) deben admitirse a trámite e valorar o fondo do asunto.

Compróbase polo tribunal que nas ditas alegacións a aspirante reitera o que xa expuxera nas previas alegacións, de data 30.06.2022 co RXE 2948, isto é, que debe computarse o tempo traballado na axencia EFE e no BNG. Mais como xa consta nas actas núm. 2 a 4 e no anuncio do tribunal de data 07.07.2022 (precisamente fronte ao que presenta alegacións) *“A base 7ª respecto dos méritos avaliábeis refire que se valorará “cada mes de experiencia profesional como xornalista”. En consecuencia, non se suma o tempo traballado en categorías distintas da referida, isto é: para Bloque Nacionalista Galego como taquígrafa (...) A aspirante alega que a experiencia no BNG é como xornalista, pero non se acredita con contratos de traballo a dita categoría laboral, xa que consta como taquígrafa, polo que o tribunal acorda non valorar a dita experiencia dado que as bases esixen que a experiencia se acredite con contratos. Ademais, a base 7ª respecto da acreditación da experiencia na empresa privada dispón que se achegará “contrato de traballo/ou alta na Seguridade Social como traballador/a autónomo/a e informe de vida laboral, xunto con certificación, no caso de realización de traballos como autónomo/a de certificación da empresa ou entidade para a que se efectuaran os servizos, no que se acredite a prestación destes como xornalista e polo período temporal alegado. Non serán valorados os traballos nos que consten unha execución non satisfactoria. Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases”. Con respecto á experiencia en Axencia EFE non constaba acreditado que os servizos se prestaran como xornalista, polo que se requiriu á persoa interesada para que achegara documentación acreditativa de tal extremo. No período de emenda non acreditou que a experiencia en Efe se prestara como xornalista, polo que non se pode valorar”.*

En consecuencia, reitérase o criterio do tribunal desestimando as alegacións por non acreditar coa documentación esixida polas bases (a lei do proceso selectivo, nos termos da xurisprudencia) que prestara servizos como xornalista para EFE e BNG. Non é posible aplicar un criterio distinto para a aspirante, como pretende: nin tendo por certo que prestou servizos como xornalista por dous certificados do BNG, cando nos contratos coa dita mercantil e nas comunicacións ao SEPE figura que o seu posto era o de taquígrafa e non existe resolución xudicial ou acto administrativo que o contradiga; nin tendo por certo, como manifesta, que prestou servizos como xornalista para EFE. A aspirante ten que acreditar a experiencia do mesmo xeito que o resto de aspirantes, coa documentación esixida polas bases, que de feito refiren que *“Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases.” Seguir un criterio diferente só para a dita aspirante suporía conculcar o principio de igualdade.*

Sobre o previo compre considerar que a propia aspirante declara no Anexo I que presenta ao concorrer ao proceso que “coñece e ACEPTA as bases de selección”, de xeito que, ademais do sinalado sobre a imposibilidade de inaplicar para ela as bases, pretender non aplicar o que tiña aceptado equivalería a actuar en contra dos seus propios actos.

Tendo en conta o anterior, o tribunal adopta por unanimidade dos presentes os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por Rebeca Romero Rodríguez o 12.07.2022 por correo postal, recibidas o 14.07.2022 co RXE 3132, dado que como xa se resolveu anteriormente ás súas previas alegacións (RXE 2948), a base 7ª respecto dos méritos avaliábeis refire que se valorará “cada mes de experiencia profesional como xornalista” e esixe para acreditar a experiencia na empresa privada a achega de “contrato de

traballo/ou alta na Seguridade Social como traballador/a autónomo/a e informe de vida laboral, xunto con certificación, no caso de realización de traballos como autónomo/a de certificación da empresa ou entidade para a que se efectuaran os servizos, no que se acredite a prestación destes como xornalista e polo período temporal alegado". Non achegando a dita documentación para a experiencia en EFE e non desprendéndose da dita documentación que prestara servizos como xornalista para o BNG, senón como taquígrafa, non pode computarse o tempo traballado para ambas xa que a base 7ª establece que "Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases".

SEGUNDO.- Reiterar en consecuencia co anterior e a sesión do 13.07.2022, elevar á alcaldía a seguinte proposta de persoas aprobadas no proceso e integrantes da lista de aspirantes a persoal laboral de prazas de encargado/a de redacción e redactor/a de emisora mediante o sistema de concurso libre, segundo as bases da convocatoria aprobadas mediante Resolución da alcaldía 507/2022 do 08.04.2022:

ORDE	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
1	Álvarez Gayo, Elvira	32,80
2	Quinteiro Vaamonde, Pedro Pablo	15,70
3	Martínez Montero, Óscar	9,10
4	Fariña Gato, Almudena	6,60
5	Ocampo Pena, Eva	6,20
6	Del Rio Sieira, Juan Modesto	6,15
7	Bustabad Hermida, María Lorena	5,35
8	García Fernández, Daniel	5,15
9	Fernández Corral, Marta	4,55
10	Muiños Garel, Alba	3,1
11	Pita Parada, Araceli	2,95
12	González Terrasa, María	1,40
13	Romero Rodríguez, Rebeca	1,05
14	Rial Maneiro, Ana	1,05
15	Cortez-Lobao Sineiro, Francisco	0,60

TERCEIRO.- Publicar este acordo no taboleiro de edictos e web municipal."

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal, María Belén Souto Calvete.

5-0
096
150
P-
F:
C: